



Titiriberia

FESTIVAL DE TÍTERES
TRADICIONAIS

24 AO 31 DE XULLO, 2022

RIANXO

OLLADAS SOBRE
OS CRISTOVOS



← PROGRAMA

VII TITIRIBERIA - Memoria

Calendarización

A VII edición de **Titiriberia. Olladas sobre os cristovos. Festival de títeres tradicionais ibéricos** celebrouse no Concello de Rianxo entre os días 24 e 31 de xullo de 2022, con actividades tanto na capital como en todas as parroquias rurais.

Con posterioridade ás actividades escénicas do festival, mantívose a exposición de Títeres nos escaparates entre os días 16 e 31 de xullo. As actividades do I Certame de Creación de Títeres Titiriberia – Somos Rianxo continuaron ao longo do mes de agosto e completaron a proposta coa exposición que se desenvolveu no Auditorio Municipal entre os días 5 e 19 de setembro.

O programa do festival desenvolveuse como se indica:

Programa

ESPECTÁCULOS

24 de xullo

A FESTA DOS TÍTERES

Agrupación Vai de Roda e Viravolta Títeres (Galiza).

(Produción propia)

Un adianto das actividades que se desenvolverán durante o festival. Un pasarrúas coa charanga da Asociación "Vai de Roda", os cabezudos tradicionais de Rianxo e os da compañía Viravolta Títeres animarán a vila, e non faltará ao evento o famoso Peito de Lobo. Poñede as mellores roupas para esta festa coa que o festival reivindica a forma escénica tradicional dos desfiles de cabezudos, unha variedade máis de monicreques que aínda agarda polo seu xusto recoñecemento.

Estrea

- **12.30**
 - **saída desde Auditorio de Rianxo**, subida á zona da Martela, Parada con bailes nos xardíns, baixar á Praza Castelao, parada no Paseo da Ribeira, retorno ao Auditorio / *En caso de choiva no Auditorio
 - **Todos os públicos**
-

26 de xullo

Conferencia: A viaxe de Toribio - De Mañón a Rianxo?

José Luís do Pico Orjais (Galiza)

O investigador José Luís do Pico Orjais, compilador entre outras obras do "Cancioneiro urxente de Rianxo", suxire a curiosa conexión entre o bandoleiro Mamed Casanova "Toribio de Mañón", e a vila. Ao igual que noutras localidades do país, esta figura histórica deveu en lenda e puido protagonizar unha cantiga popular e darlle nome ao meco que protagoniza o Entroido local.

- **20h**
- **Praza Rafael Dieste** / *en caso de choiva no Auditorio
- **Todos os públicos**

Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón

Viravolta Títeres (Galiza)

Recreación con formas do teatro popular das andanzas que lle deron sona a Mamede Casanova "Toribio de Mañón", famoso bandoleiro galego de principios do século XX. Nestas andanzas inspirouse Ramón María del Valle-Inclán para a súa obra *Las galas del difunto*.

- **21h**
- **Praza Rafael Dieste** / *en caso de choiva no Auditorio
- **Todos os públicos**

Encontro postfunción: O camiño a Toribio

Viravolta Títeres (Galiza)

27 de xullo

O mais maior grande Dom Roberto

Teatro e marionetas de Mandrágora (Portugal)

Unha figura xigante e interactiva que representa un Dom Roberto, o tradicional fantoche portugués, sairá ao encontro das xentes de Rianxo polas rúas da vila. Realizada polo artista plástico enVide neFelibata, "O Mais Maior Grande Dom Roberto" convida a ollar para a grandeza deste títere tradicional dun xeito diferente. O público pode entrar e a manipular marionetas tradicionais de vara neste dispositivo escénico e participar nun obradoiro sobre a construción e a posta en escena de robertos.

- **12.00 h. > 14.30 h. e 18.00 h. > 20.00 h.**
- **Praza Castelao** (itinerante pola zona Paseo da Ribeira e Subcampo) / *en caso de choiva no

Auditorio

- **Gratuito / Obradoiro con inscrición no propio lugar da actividade (20 prazas).**
 - **Todos os públicos**
-

LAMBE-LAMBES

O Teatro Lambe-Lambe emprega pequenos bonecos e obxectos acompañados por un relato ou música que, dentro dunha caixa escénica, representan nun tempo breve situacións e pequenas historias. Só unha ou dúas persoas espectadoras poden apreciar cada función, a observar estas obras, como en segredo.

Victoria (lambe-lambe)

Diáspora teatro (Galiza)

Victoria é un espectáculo sen palabras que fala do paso do tempo, das partidas, da memoria. É unha homenaxe ás avoas e a todas as mulleres que tiveron que dicir adeus ao que foi o seu fogar.

Este espectáculo foi ilegal (lambe-lambe)

Seisdedos Marionetas (Galiza)

O titiriteiro lalinense Anxo García preséntanos o monólogo do compadre Fidel do emblemático texto *Os Cornos de Don Friolera* de Valle-Inclán, nunha fermosa tradución de Mari Luz Méndez.

Gernika (lambe-lambe)

Os Monicreques de Kukas (Galiza)

estrea

Nesta obra feita a partir da inmortal obra de Pablo Picasso, a veterana compañía desenvolve a súa creatividade plástica aplicada aos títeres a abordar a destrución e o horror que xeran as guerras.

- **12.00 h. > 14.30 h.**
 - **Praza Castelao/Subcampo / *en caso de choiva no cuartel vello**
 - **+12 anos**
-

nº8 rúa dos contos.

Trécola Producións (Galiza)

Nada en 1981, Trécola recupera esta peza histórica a celebrar os 40 anos da compañía. Hai moito, moito tempo vivía no Nº8 da Rúa dos Contos a bruxa Papandreia... Botou un feitizo sobre a casa e quen alí entraba non atopaba xeito de saír. Xinzo e Lelo, dous ladróns, deciden entrar na casa para encher o seu saco... Un lobo, un mago, un cazador e máis persoeiros compartirán a súa viaxe por este espazo encantado.

- **12.00 h.**
- **Pazo do Rianxiño** / *en caso de choiva no polideportivo do IES
- **Público familiar /+3 anos**
- **Actividade exclusiva para o Campamento de verán**

Lúa quiere viaxar a... Marte

A Xanela do Maxín (Galiza)

A gata Lúa anuncia a súa vindeira grande aventura... Unha viaxe a Marte! Inspirada por grandes mulleres científicas e astronautas, ninguén a vai afastar do seu empeño. As aventuras para conseguir este obxectivo e os personaxes que atopará polo camiño conforman esta historia de narración oral e títeres para abordar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

- **13.00 h.**
- **Praia de Tanxil.** / *En caso de choiva no Auditorio
- **+3 anos**

MESA REDONDA: 40 anos de títeres

Conducida por Topo Vidal.

Con ocasión do 40 aniversario de Títeres Viravolta e da compañía Trécola, repasamos a historia do movemento titiriteiro galego. Nado coa vontade de recuperar a presenza pública dunha arte que desaparecera das prazas cando a familia Silvent deixou de representar *Barriga Verde*, as compañías que apareceron no país durante os primeiros anos 80 enfrontáronse á necesidade de aprender técnicas e de coñecer propostas artísticas que non existían. Representantes destas dúas compañías e das tamén históricas *Tanxarina* e *Monicreques de Kukas* fan un repaso daqueles tempos pioneiros. A mesa gravarase e difundirase nas redes con posterioridade.

- **18.30 h.**
- **Auditorio de Rianxo**
- **Público adulto**

Eva

Trastero 203 (Andalucía)

Comedia musical e filosófica, cunha soa actriz acompañada dun gran elenco de marionetas que ela mesma manipula. No espectáculo, Eva e Adán viven nun paraíso belo e perfecto, onde coexisten con outros animais, aparentemente, en paz e harmonía. Pero ela, fomenta de coñecemento, ansía a liberdade. Cremos que sabemos a historia, pero a versión de Eva é moi distinta ao que se conta. Unha fábula que reivindica o papel agochado das mulleres na historia.

- **21.30 h.**
 - **Auditorio de Rianxo-Sala Arcos Moldes**
 - **Público adulto /+ 13 anos**
 - **5€**
-

28 de xullo

Teatro de Robertos

Teatro e marionetas de Mandrágora (Portugal)

A versión portuguesa do noso Barriga Verde presenta obras profundamente interactivas. A xogar coa comicidade e os sentimentos máis primarios, o Dom Roberto fai a audiencia berrar e saltar das cadeiras. O demo, o barbeiro, o cura, o policía ou a morte aparecen como adversarios do protagonista na historia máis clásica que leva a escena Mandrágora. Noutra das montaxes que achega a compañía, a acción transcorre nun castelo onde Roberto ten que vencer un crocodilo, un xigante e unha pantasma.

- **12.00 h.**
- **Campo do Souto-Isorna** / *En caso de choiva na casa da República

- **20.00 h.**
- **Centro Sociocultural A Capela do Araño**
- **+ 4 anos**

Encontro postfunción: Os robertos populares

Mandrágora (Portugal)

- **Despois da función da mañá**

nº8 rúa dos contos.

Nada en 1981, Trécola recupera esta peza histórica a celebrar os 40 anos da compañía. Hai moito, moito tempo vivía no Nº8 da Rúa dos Contos a bruxa Papandreia... Botou un feitizo sobre a casa e quen alí entraba non atopaba xeito de saír. Xinzo e Lelo, dous ladróns, deciden entrar na casa para encher o seu saco... Un lobo, un mago, un cazador e máis persoeiros compartirán a súa viaxe por este espazo encantado.

- **12.00 h.**
- **Parque da Santa Lucía de Asados** / *en caso de choiva no Ceip Ana M^a Dieguez
- **+ 3 anos**

Encontro postfunción: Herdar unha obra

Trécola Producións (Galiza)

O cego dos monifates

Seisdedos Marionetas (Galiza)

A compañía de Maese Seisdedos, cego e monicrequeiro ambulante, realiza as súas representacións usando a técnica tradicional do bululú na que o lazarillo manipulaba os bonecos oculto na capa

docego. Representará contos medievais e populares, romances históricos, romances de cego, pequenas pezas teatrais, cancións tradicionais e contos e narracións da literatura galega.

- **21:00**
- **Itinerante pola vila**
- **Todos os públicos**

Paral.lel 55

Títeres desde abajo (Andalucía/Cataluña)

Paral.lel 55 é unha comedia para público adulto que rememora a Folga da Canadiense, un dos feitos máis relevantes dentro do movemento obreiro no Estado Español, que tras 44 días de loita culminou co decreto da xornada laboral de 8 horas para todos os oficios. Na obra, fartos de ser obrigados a pelexar a cachaporraxos en cada función, Francisco e Purita, dous vellos títeres deciden poñerse en folga. Pero nunca lles contaron que a loita é un camiño cheo de contradicións, ledicias e pelotas de goma.

- **21.30 h.**
 - **Auditorio de Rianxo-Sala Arcos Moldes**
 - **Público adulto/ + 14 anos**
 - **5€**
-

29 xullo

Barriga Verde ataca de novo

Títeres Alakrán (Galiza)

Espectáculo de títere de cachaporra tradicional, inspirado nas rutinas que facía a familia Silvent na súa famosa barraca a principios do século XX. Títeres Alakrán recupera a figura de BarrigaVerde adaptándoa ao mundo contemporáneo para que a nosa tradición siga viva. O titiriteiro mestura a actuación ante o público coa técnica clásica da palleta detrás do escenario para pór a voz do protagonista.

- **12.00 h.**
 - **Campo Maneiro de Taragoña / *En caso de choiva Pavillón Municipal de Taragoña**
 - **+6 anos**
-

Pulcinella

Irene Vecchia (Italia)

Desde Nápoles chega ao Titiriberia un dos mellores exemplos existentes dos *guarabelle* napolitanos, tradición titiriteira con 500 anos de existencia á que se remonta a orixe de Barriga Verde. O protagonista, un ser libre con voz máxica, renova en escena o eterno conflito entre ben o mal. Acompañado da súa amada Teresina, un can, a morte, o carabineiro ou monxe son algúns dos contrincantes cos que se atopa nun espectáculo cheo de ritmo.

- **13.00 h.**
- **Praia de Tanxil.** / *En caso de choiva no Auditorio
- **+5 anos**

Encontro postfunción: A tradición hoxe

Irene Vecchia (Nápoles)

A carteira de Augasclaras

Títeres Brincadeira (Galiza)

A través da correspondencia que transporta, a carteira de Augasclaras cóntanos as aventuras de toda unha serie de personaxes. A tartaruga Clementina, que percorre o mundo libre sen a súa cuncha, a elefanta Rosa Caramelo, que fixo xogar xunta a toda a súa manada, ou a rapariga que o abandonaba todo polo seu grande amor. Un contacontos que traballa a igualdade entre xéneros a combinar narración, monicreques e xogos de imaxes da man de Carmen Domech.

- **18.30 h.**
- **Praia da Torre** / *En caso de choiva no Araño
- **+4 anos**

As variedades do Barriga Verde

Producción propia

Esta iniciativa pretende reproducir, desde unha óptica actual, o espectáculo que a familia Silvent realizaba na súa barraca e no que estaba incluída a peza de Barriga Verde. Música ao vivo, teatro, marionetas e números de clown sucederanse nun ambiente de cabaré orientado ao público adulto. Nesta ocasión, participarán Larraitz Urruzola, Títeres Alakrán, Títeres Cascanueces, Santi Prego con Jorge de Arcos, Teatro Airiños, Irene Vecchia e a artista de *clown* Pajarito. Todo conducido pola actriz Antía Costas e acompañado da música dun cuarteto da Escola de Música de Rianxo, coordinado por Bernal Muíños.

Estrea

- **22.30 h.**

- **Auditorio de Rianxo-Sala Arcos Moldes**
 - **Público adulto**
 - **5€**
-

30 xullo

Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón

Viravolta Títeres (Galiza)

Recreación con formas do teatro popular das andanzas que lle deron sona a Mamede Casanova "Toribio de Mañón", famoso bandoleiro galego de principios do século XX. Nestas andanzas inspirouse Ramón María del Valle-Inclán para a súa obra *Las galas del difunto*.

- **13.00h**
- **Praia de Tanxil.** / *En caso de choiva no Auditorio
- **Todos os públicos**

Travesías. Aventuras de libro

Raquel Queizás (Galiza)

Neste espectáculo de narración oral con obxectos e monicreques, a contadora e titiriteira convidanos a navegar por historias cheas de aventuras de nenas e mulleres bravas que loitaron contra os prexuízos para conseguir os seus soños. A bordo do seu barco coñeceremos uns contos diferentes que transmiten valores de igualdade, de respecto e de convivencia.

- **18.30 h.**
- **Praia de Tanxil** /*En caso de choiva no Auditorio
- **+3 anos**

Videoconferencia "O que non se nomea non existe. As mulleres na arte dos títeres"

Elvia Mante (México)

Un achegamento á importancia de visibilizarnos como mulleres creadoras. Estratexias e logros. Nesta videoconferencia e conversa on line, a investigadora da universidade de Monterrei (México) presentará os primeiros resultados da súa investigación internacional "Mujeres en el arte de los títeres", na que colaborou a AC Morreu o Demo. O seu traballo pretende servir como catálogo e referencia sobre as mulleres relacionadas coa arte dos títeres de calquera parte do mundo. Activas ou retiradas, todas contamos para a historia.

A conferencia será gravada e distribuída na rede.

- **19.30 h**
- **Pazo do Rianxiño**

A Lúa e Pulcinella

Irene Vecchia (Italia)

Espectáculo de títeres de luva ao xeito do Guarattelle napolitano.

Despois dun novo abuso, todas as mulleres da Terra rematan na Lúa. Para non perder a súa amada Teresita, Pulcinella intenta chegar onde ela e atópase así a compartir a perigosa condición que viven demasiadas mulleres. O espectáculo desenvolve o repertorio das *guarattelle* para contar as difíciles relacións entre o universo masculino e o feminino cando hai violencia de xénero, a través de Pulcinella que desde sempre encarna a harmonía dos opostos.

- **21.00 h.**
 - **Pazo do Rianxiño** / *en caso de choiva no Araño
 - **+5 anos**
-

31 xullo

Novos lobos

Fantoches Baj (Galiza)

Un espectáculo de narración oral e monicreques no que se toca o tema do xénero desde a perspectiva das novas masculinidades e se deconstrúen as historias tradicionais para as adaptar a esta nova ollada. O espazo no que sucede a acción é un pequeno refuxio da montaña no que un pastor está coidando das súas ovellas, representadas polo propio público.

- **13.00 h.**
- **Praia da Torre** / *En caso de choiva no Auditorio
- **+5 anos**

Procúrase Pepa a Loba

A Cova das Letras (Galiza)

Neste contacontos interactivo Cris Collazo actúa, narra e manipula títeres e obxectos para nos introducir na historia dunha muller á que todo o mundo procura polo seu tesouro. A danza e a música intégranse nesta historia de mulleres poderosas con aires de western e ambientada na taberna da protagonista.

- **18.30 h.**
- **Praia de Tanxil.** / *En caso de choiva no Auditorio

- **+6 anos**

Barriga Verde ataca de novo

Títeres Alakrán (Galiza)

Espectáculo de títere de cachaporra tradicional, inspirado nas rutinas que facía a familia Silvent na súa famosa barraca a principios do século XX. Títeres Alakrán recupera a figura de Barriga Verde adaptándoa ao mundo contemporáneo para que a nosa tradición siga viva. O titiriteiro mestura a actuación ante o público coa técnica clásica da palleta detrás do escenario para pór a voz do protagonista.

- **21.00 h.**
- **Centro Cultural Vicente Vidal de Leiro**
- **+6 anos**

Encontro postfunción: Versionar unha lenda

Títeres Alakrán (Galiza)

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Exposicións

Títeres nos escaparates / A procura de Lupe

Producción propia / Pedras de papel

Os escaparates de comercios da vila transfórmanse en escenarios nos que se pode ver interactuar diferentes títeres coas mercadorías en exposición. A mostra integra os títeres na cotidianeidade da vila, ao tempo que dá a coñecer pezas históricas de diferentes compañías de títeres do país: Babaluva, Viravolta, Alakrán, Trécola e Monicreques de Kukas achegan pezas a este proxecto.

A procura de Lupe é un xogo de pistas integrado na exposición. As persoas participantes deberán percorrer os diferentes escaparates e atopar neles a Lupe, a protagonista do cartel do festival para entrar nun sorteo de produtos locais. Con estas iniciativas o festival quere contribuír a achegar a cultura a novos soportes ao tempo que pon de relevo a importancia do comercio local como axente de dinamización social e cultural para a comunidade.

- **Diferentes locais comerciais da vila e das parroquias de Rianxo**
- **Actividades desenvolvidas co apoio da Asociación Rianxeira de Empresarios**

- **Exposición do 16 ao 31 de xullo**
- **Concurso ata o 2 de agosto**

Onde foi Barriga Verde?

Nesta mostra de paneis repásase a historia de Barriga Verde e a súa desaparición. Abórdase tamén a importancia das feiras como espazos culturais e propónse unha reflexión sobre o futuro destas tradicións.

A arte dos Silvent

Esta exposición repasa as múltiples facetas creativas da familia que popularizou a Barriga Verde en toda Galiza. Unha homenaxe a todo un colectivo de artistas itinerantes que desempeñou un importante papel de dinamización cultural e de transmisión do legado da tradición titiriteira europea.

A grande familia do títere europeo

Exposición en paneis sobre a xenealoxía de Barriga Verde e os títeres europeos. Pulchinella, Punch, Guignol, Kasper... todos os representantes internacionais desta familia preséntanse nunha serie de paneis contextualizándoos e explicando a súa evolución e diferenzas.

- **Do 24 ao 31 de xullo**
- **Auditorio de Rianxo** / [Localización](#)

Formación de públicos

O espectador cómplice

***Toni Rumbau* (Cataluña)**

O especialista en títeres e responsable da recoñecida revista *Titeresante* debaterá coas compañías participantes e achegará comentarios e ideas sobre os seus espectáculos, a facilitar que estas contén con novas olladas sobre o seu traballo. Este espectador crítico tamén participará, desde o público, nas conferencias e mesas redondas e compartirá ao longo do festival nas súas redes sociais e espazos dixitais comentarios e análises sobre o programa.

Certame de creación de títeres

O festival, en colaboración coa Asociación Somos Rianxo, organiza un concurso para escoller as mellores marionetas da vila. Esta iniciativa pon en valor o coñecemento adquirido polas crianzas nos obradoiros de creación de títeres que se integran nas diferentes edicións do festival. As bases estarán dispoñibles nos negocios vencellados á Asociación Somos Rianxo. As pezas a concurso expóranse en instalacións municipais.

- **Agosto e setembro**
 - **De 3 a 12 anos**
 - **Actividade desenvolvida co apoio da Asociación Somos Rianxo.**
-

Escola de títeres Barriga Verde

Formación para o sector titiriteiro

Curso de manipulación de guaratelle con Irene Vecchia

No curso, as persoas participantes poderán aprender, mediante o manexo dos bonecos tradicionais propios destes antigos espectáculos, as técnicas de manipulación empregadas nas diferentes escenas desta forma artística. Os contidos do curso serán personalizados e adaptados tanto para público sen coñecementos previos como para persoas con nocións sobre o manexo de títeres e mesmo para profesionais que queiran puír as súas técnicas de cara a algunha montaxe.

- **30 e 31 de xullo**
- **10 a 14 horas**
- **Centro Sociocultural A Capela do Araño**
- **+16 anos**
- **50€**
- **Máis información: Titiriberia.com**

Obradoiros para público xeral

Construción de títeres con material de refugallo e de títeres en igualdade

4 obradoiros para Campamentos de Verán do Concello de Rianxo que mesturan a construción de bonecos coa súa manipulación. A partir de material de refugallo, as crianzas participantes crearán un boneco propio e presentarán unha pequena peza sobre igualdade e resolución non violenta de conflitos.

- **26, 27 e 29 de xullo**
- **de 11.00 a 12.30 h**
- **Campamentos de conciliación nas distintas parroquias**

Creación e manipulación de títeres para a persoas usuarias da Aula Ocupacional

Obradoiro específico a amosar as posibilidades dos títeres para persoas con diversidade funcional. As usuarias da Aula Ocupacional de Rianxo poderán construír os seus propios bonecos, levalos para a casa e aprender a manexalos.

- **28 de xullo**
 - **Centro social Liceo**
 - **Aula Ocupacional de Rianxo**
-

Producións propias

Alén da contratación, o desenvolvemento para o evento das producións específicas dos espectáculos A Festa dos Títeres, As Varietés de Barriga Verde e, en particular as dúas novas escenas de Dona Barriga Verde supoñen un reforzo da política de produción propia do evento.

Debido á falta de recursos económicos, foi necesario reducir o número de producións propias nalgúns dos ámbitos do festival. Deste xeito non se realizaron nin a Merenda da memoria, nin a exposición sobre Mamed Casanova, nin o faladoiro vencellado. Tampouco se desenvolveu a conferencia de Toni Rumbau sobre títeres tradicionais.

No entanto, incrementouse o número de producións videográficas do evento, e a maiores da exposición de títeres nos escaparates previstas realizouse outra vencellada ao concurso de creación de títeres para público infantil en colaboración con Somos Rianxo.

A FESTA DOS TÍTERES

Agrupación Vai de Roda e Viravolta Títeres (Galiza).

(Produción propia)

Un adianto das actividades que se desenvolveron durante o festival. Un pasarrúas coa charanga da Asociación "Vai de Roda", os cabezudos tradicionais de Rianxo e os da compañía Viravolta Títeres animaron a vila, coa presenza o famoso Peito de Lobo. Unha representación burlesca dunha voda, con amplas referencias á memoria local e a reivindicación dos cabezudos como forma artística vencellada aos títeres.

As varietés do Barriga Verde

Produción propia

Esta iniciativa reproduciu, desde unha óptica actual, o espectáculo que a familia Silvent realizaba na súa barraca e no que estaba incluída a peza de Barriga Verde. Música ao vivo, teatro, marionetas e números de clown sucedéronse nun ambiente de cabaré

orientado ao público adulto. Nesta ocasión, participaron Larraitz Urruzola, Títeres Alakrán, Títeres Cascanueces, Teatro Airiños, Irene Vecchia e a artista de *clown* Pajarito. Todo conducido pola actriz Antía Costas e acompañado da música dun cuarteto da Escola de Música de Rianxo, coordinado por Bernal Muíños.

Títeres nos escaparates / A procura de Lupe

Producción propia / Pedras de papel

Os escaparates de comercios da vila transformáronse en escenarios nos que se puideron diferentes títeres coas mercadorías en exposición. A mostra integrou os títeres na cotidianeidade da vila, ao tempo que dá a coñecer pezas históricas de diferentes compañías de títeres do país: Babaluva, Viravolta, Alakrán, Trécola e Monicreques de Kukas achegaron pezas a este proxecto. A procura de Lupe foi xogo de pistas integrado na exposición no que se convidada ao público a percorrer os locais.

Dona Barriga Verde e o afiador e Dona Barriga Verde e o Peregrino:

Producción propia / Larraitz Producións Artísticas

A AC Morreu o Demo apoiou a Larraitz Producións artísticas coa coprodución de dúas novas pezas protagonizadas por Dona Barriga Verde, personaxe que actualiza o títere tradicional máis coñecido de Galicia levándoo por vez primeira ao xénero feminino. As dúas novas escenas, que se puideron ver en estrea no marco do espectáculo *As varietés de Barriga Verde*, amosan os encontros da protagonista cun personaxe tradicional como é o afiador e cun de actualidade como é un peregrino dos nosos tempos. Os números poderán incluírse no espectáculo *Dona Barriga Verde*, xa coproducido pola AC Morreu o Demo ou ser parte dunha nova montaxe coa mesma protagonista. AC Morreu o Demo achegou asesoramento histórico e artístico ás novas escenas, cubriu coa contratación para o festival con parte dos gastos da produción e correu cos vídeos do espectáculo.

I Certame de Creación de Títeres Titiriberia / Somos Rianxo e exposición

A actividade animou ao público infantil local a facer os seus propios bonecos, que se reuniron nunha exposición no Auditorio do Rianxo. As votacións do público seleccionaron os mellores traballos desta actividade, que conseguiu reunir unha corentena de propostas.

Vídeos

Seis vídeos, a incluír os contidos completos dos espectáculos “A festa dos títeres” e “As varietés do Barriga Verde”, así como a totalidade da mesa redonda, da conferencia sobre Toribio de Mañón e da videoconferencia de Elvia Mante. Ademais, publicouse unha versión resumida de “A festa dos títere” e un resumo do festival, así como un adianto do mesmo. Tamén se realizou un vídeo promocional de adianto e, en colaboración co Grupo de Teatro Airiños, tres vídeos promocionais con dramaturxia desenvolvida de xeito específico.

Número de compañías e espectáculos en galego

En total foron 30 compañías e artistas galegas as que fixeron parte do evento, con dúas españolas, unha italiana e unha portuguesa, ás que se suma a conferencia da investigadora mexicana Elvia Mante. Das 44 funcións e intervencións realizadas no marco do programa 33 desenvolvéronse integramente na nosa lingua, o que amosa o compromiso do evento coa mesma e coa promoción da cultura do país. Do mesmo xeito, a totalidade da comunicación do evento, tanto presencial como virtual se desenvolveu en galego.

Público

A sumar as diferentes funcións e espazos, o recuento de público presencial, realizado pola Asociación e o Concello, é de 2.907 persoas, o que inclúe as visitas a exposicións, a asistencia a espectáculos colectivos, a participación nos obradoiros e na participación dos encontros de formación de públicos coas distintas compañías presentes no festival.

A cifra é ao noso parecer un éxito absoluto, xa que se conseguiu o cheo na maior parte das propostas programadas e mesmo nalgunhas as prazas ficaron escasas. Ademais, supón un incremento destacado fronte ás 1.376 persoas presentas na anterior edición, o que amosa un importante interese, tanto a nivel local como fóra de Rianxo pola proposta. A esta asistencia presencial cómpre sumar as visitas aos vídeos do festival na canle de Youtube que confirman a existencia dun importante público con interese polas propostas do festival e mais polos títeres tradicionais que non podendo asistir conectouse a través das redes con posterioridade.

Máis polo miúdo, cómpre recoñecer que as funcións con entrada non conseguiron os obxectivos previstos. Desde a organización consideramos que isto pode amosar que aínda non se desenvolveu abondo a apreciación polos títeres no concello como para que o público recoñeza a necesidade de contribuír economicamente á súa sustentabilidade e vexa que paga a pena pagar por ver determinados espectáculos difíciles de contemplar noutros foros. Isto fainos pensar na necesidade de incidir no carácter de rúa do festival ao tempo que continúan as iniciativas de formación de público propias do festival, a confiar en que de aquí a poucos anos haberá unha masa crítica de afección que facilitar un maior éxito das funcións de pago.

De xeito similar, as propostas formativas máis orientadas ao sector, como a conferencia e a mesa redonda, obtiveron tamén unha participación limitada. Se ben a mesa foi a máis multitudinaria das programadas no marco do festival, e conseguiu unha participación moi activa do público asistente, queremos continuar a reforzar esta parte do programa, que nos parece fundamental de cara a consolidar o coñecemento sobre o sector e incidir no festival como un espazo destacado no panorama titiriteiro galego.

Perfil de persoas participantes

O groso do público que participou nas actividades estaba composto por poboación local e visitantes á vila durante o verán, sen que nos fose posible determinar a porcentaxe de asistentes de cada tipo nas funcións.

Detectamos, no entanto, un lixeiro incremento no número de persoas que se achegaban ao festival desde outras localidades atraídas polo programa. En boa parte destas persoas detectamos un perfil de persoas con interese en xeral polas artes escénicas e a cultura en xeral canda a unha presenza de profesionais do mundo do títeres que acudiron a coñecer os espectáculos e contactar con outras persoas do sector.

A alta porcentaxe de funcións orientadas ao público familiar achegou unha importante porcentaxe de público de entre os 3 e o 10 anos, que no entanto, non chegou a superar en ningún momento un 60% da asistencia. Deste xeito, consideramos un éxito a proposta interxeracional do festival, xa que a presenza de público adulto, que se achegou aos títeres como unha forma de cultura válida e para a súa idade, foi constante ao longo das funcións. O único caso no que o interese do público adulto non quedou demostrada foi no caso das funcións de sala, que tanto por horario como pola propia orientación dos espectáculos, estaban orientadas de xeito específico para estas idades. Consideramos que nestas ocasións é a barreira da entrada o principal determinante para a participación nos espectáculos.

Espectáculo	Público
Festa dos títeres	500
Conferencia: A viaxe de Toribio	130
Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón	130
O mais maior grande Dom Roberto	200
Lambe-Lambes	80
nº8 rúa dos contos	125
Lúa quere viaxar a... Marte	82
Mesa Redonda 40 anos de títeres en Galicia	16
Eva	46
Teatro de Robertos	79
nº8 rúa dos contos	80
O cego dos monifates	96
Paral.lel 55	42

Barriga Verde ataca de novo	96
Pulcinella	45
A carteira de Augasclaras	90
As varietés do Barriga Verde	36
Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón	90
Travesías. Aventuras de libro	110
Videoconferencia: O que non se nomea non existe. As mulleres na arte dos títeres	8
A Lúa e Pulcinella	56
Novos lobos	60
Procúrase Pepa a Loba	80
Barriga Verde ataca de novo	70
Exposicións	500 (estimado)
Obradoiros	48
Voluntariado	12
TOTAL	2.707

Comunicación

O plan de comunicación previsto desenvolveuse alén dos obxectivos previstos inicialmente, cunha promoción en web e mediante redes sociais moi superior á inicialmente proposta e, en trocas, un destacado incremento no impacto comunicativo do festival.

Impacto en medios

As comunicacións realizadas desde o festival conseguiron un total de 53 impactos, dos cales 3 foron en medios audiovisuais e 10 en prensa escrita, sendo o resto en formatos dixitais. Once dos impactos foron en medios xeralistas galegos ou estatais, dous en medios culturais e outros dous en publicacións especializadas no campo da escena e dos títeres. Neste sentido cabe destacar a maiores as cinco crónicas específicas que sobre o evento realizou a revista Titeresante, referente dixital da información e a análise sobre o mundo do títere a nivel estatal, que supoñen un importante paso no recoñecemento do festival dentro do sector e do público afeccionado. En xeral o resultado do impacto en medios foi moi superior ao de anos anteriores e superou o obxectivos previstos inicialmente.

As cifras son netamente superiores aos obxectivos previstos dunha vintena de publicacións en medios xeralistas de alcance galego, tanto impresos como radiofónicos ou dixitais. É certo, no entanto, que no se acadaron os obxectivos de entrevistas en medios e crónicas en medios especializados do país por mor dunha cobertura reducida da radio e da televisión pública, inferior á doutras xeiras do festival. Avanzouse moito na implantación comarcal do festival, cun seguimento continuo por parte de medios como Diario de Arousa e O Barbanza

(unha ducia de pezas), que superou as oito informacións previstas. Fóra do país o festival deu pasos destacados a conseguir cinco veces máis presenza da prevista na revista Titeresante.

Dosier de prensa

■ MdP Titiriberia22-baixa.pdf

<http://www.titeresante.es/?s=titiriberia>

Web


O web específico do festival acolleu un total de 13 publicacións dedicadas a esta edición, ademais de albergar o programa completo e detallado de todas as actividades da mesma e unha galería fotográfica das actividades realizadas


<https://titiriberia.com/titiriberia/edicion-2022/>

<https://titiriberia.com/titiriberia/edicion-2022/programacion-2022/>

<https://titiriberia.com/titiriberia/edicion-2022/#galeria2022>

Estes contidos obtiveron un importante seguimento, cun total de 2.324 visitas ao longo do mes de xullo con picos de 857 na semana previa ao festival e 788 na de realización do mesmo. Os datos refrendan o éxito do web como espazo de referencia para informar sobre o programa do evento e como fonte de información máis completa.





Redes sociais

A actividade nas redes sociais concentrouse no perfil de Facebook propio do festival, coa intención de consolidar a marca e conseguir fixar este espazo como centro de información sobre o mesmo. Neste sentido conseguimos unhas cifras excelentes, moi superiores ás agardadas e cun importante crecemento tanto no alcance como no número de perfís que seguen a páxina. A posta en marcha dun perfil específico de Instagram para o festival revelouose tamén como unha iniciativa especialmente exitosa, conseguindo un especial seguimento no marco de profesionais dos títeres tanto galegos como do exterior.

Perfís Titiriberia


As páxinas de Facebook e Instagram do festival concentraron a actividade en redes sociais arredor do festival. En total realizáronse desde estes espazos un total de 155 publicacións sobre o evento, concentradas nas datas de realización das actividade e nos días previos ás mesmas. Como se pode comprobar polas estatísticas, esta obtiveron un alcance destacado, a colleitar un pico de 6.680 o 24 de xullo en Facebook.

A actividade ficou reflectida en destacados incrementos do número de perfís que segue a páxina de Facebook do festival, que sumou 99 seguidores, a deixar un total actual de 664. De xeito similar, a posta en marcha do perfil en Instagram do festival supuxo conseguiu tamén unha importante aceptación, a sumar 160 seguidores desde xullo.

Alcance

Alcance da Páxina do Facebook ⓘ

23 798 ↑ 9.9 mil%



Alcance do Instagram ⓘ


223 ↑ 100%



Visitas à Páxina e ao perfil


Visitas à Páxina do Facebook ⓘ

2855 ↑ 10.9 mil%



Visitas ao perfil do Instagram ⓘ

250 ↑ 100%



Novos gostos e seguimentos

Gostos novos da Páxina do Facebook ⓘ

99 ↑ 890%



Novos seguidores no Instagram ⓘ

160



Datos de impacto das publicacións nos perfís do festival

https://drive.google.com/file/d/1nz80lel4_329bUhKMXNuQpnOaw6ajJk/view?usp=sharing

Perfil Morreu o Demo


Empregada como reforzo do perfil propio do festival, as páxinas en Facebook e Instagram da Asociación Morreu o Demo (creado tamén para a ocasión) viu tamén importantes picos de actividade e seguimento durante as datas do festival. Neste sentido, estes espazos nas

redes sociais acolleron un total de 77 publicacións vencelladas ao evento. Das mesmas, o Facebook da Asociación obtivo picos de impacto 1946.

Alcance


Alcance da Páxina do Facebook ⓘ

4061 ↓ 53.2%



Alcance do Instagram ⓘ


125 ↑ 100%



Alcance


Alcance da Páxina do Facebook ⓘ

4061 ↓ 53.2%



Alcance do Instagram ⓘ

125 ↑ 100%



Datos de impacto das publicacións nos perfís da AC MoD

<https://docs.google.com/spreadsheets/d/1hbKTY13kVS3aI5X1vare7UH53ZWEfjCW1558Cuubcf0/edit?usp=sharing>

Twitter

O Twitter da asociación albergou 52 publicacións sobre o festival entre xullo e agosto, cun impacto marxinal no alcance público e no incremento de seguidores.

Youtube

A canle de Youtube da Asociación albergou un total de 10 vídeos sobre o festival, a incluír unha presentación, un resumo e varios contidos íntegros do evento.

Estes contidos xeraron 1.066 visualizacións que repasaron 26,8 horas de contido.

O vídeo con máis seguimento foi un dos avances que realizou o grupo de teatro Airiños, con 174 visitas, seguido polo vídeo de resumo do festival, con 171.

Datos de visualización de Youtube

https://docs.google.com/spreadsheets/d/1si96r6utVMzrG2h97_KLte5FkkybZ9Zv9owlQRqgyR0/edit?usp=sharing

Cartelería e gráfica

Distribuíronse un total 1.100 pezas entre carteis, flyers e programas na vila de Rianxo e arredores. O apoio das Asociacións Somos Rianxo e a Asociación de Empresarios Local, que ampliaron pola súa banda a tiraxe de carteis e de material gráfico, garantiu a presenza de carteis e de folletos sobre o festival nunha grande parte dos establecementos comerciais da vila. Os cinco grandes pendóns sobre o festival situados en espazos destacados de Rianxo, así como os rollers que acompañaron todas as actuacións coa imaxe gráfica do festival conseguiron visibilizar o programa no marco do público local. Os catálogos editados distribuíronse no ámbito institucional e cultural, coa intención de contribuíren ao coñecemento sobre o títere tradicional e servir como referencia para futuras propostas neste sentido.

Do mesmo xeito, fíxose unha tiraxe de 244 camisetas coa imaxe do festival, que se puxeron á venda nas actividades do evento, na feira de Rianxo e mais nos establecementos adheridos ás asociacións de comerciantes colaboradoras. A cifra de venda foi similar á do ano pasado, cun remanente dunhas 80 camisetas, o que supuxo beneficios para a asociación pero contribuíu a difundir a imaxe do evento.

En xeral as accións desenvolvidas cumpriron os obxectivos previstos de chegar ao público do festival e achegarlles información cumprida e actualizada sobre todas as actividades do mesmo. Ademais, consolidouse a imaxe de marca do festival como unha referencia, tanto a nivel galego como estatal, no campo dos títeres tradicionais, e en particular deuse a coñecer dentro do sector escénico e cultural do país, achegando esta disciplina a persoas doutros ámbitos. Do mesmo xeito, a omnipresenza física de cartelería e información en diferentes formatos sobre o festival na vila conseguiu afianzar a presenza do festival na axenda cultural rianxeira.

VII Titiriberia

FESTIVAL DE TÍTERES TRADICIONAIS

24 AO 31 DE XULLO, 2022

RIANXO

OLLADAS SOBRE OS CRISTOVOS



24 Domingo

12:30 h - A FESTA DOS TÍTERES
Pasarelas con saída desde Auditorio de Rianxo

26 Martes

20:00 h - A VIAXE DE TORIBIO: DE MAÑÓN A RIANXO!
CONFERENCIA / Praza Rafael Diez

21:00 h - VIDA, CRIMES E PRISIÓN DE TORIBIO DE MAÑÓN
Praza Rafael Diez

27 Mercres

12:00 h > 14:30 h > 18:00 h > 20:00 h
O MAIS MAIOR GRANDE DOM ROBERTO
Praza Castelao (Itinerante)

12:00 h > 14:30 h - VICTORIA (LAMBE-LAMBE)
Praza Castelao e Subcampo

12:00 h > 14:30 h - ESTE ESPECTÁCULO FOI LEGAL
(LAMBE-LAMBE)
Praza Castelao e Subcampo

12:00 h > 14:30 h - GERNIKA (LAMBE-LAMBE)
Praza Castelao e Subcampo

12:00 h - Nª RUA DOS CONTOS
Praza do Rianxo

13:00 h - LOA QUERE VIAXAR A... MARTE
Praza de Tarril

18:30 h - 40 ANOS DE TÍTERES EN GALIZIA
WISA 8104884 / Auditorio de Rianxo

21:30 h - EVA
Auditorio de Rianxo-Sala Arcos Moldes / 5€

28 Noves

12:00 h - Nª RUA DOS CONTOS
Parque de Santa Lucía / Ascados

12:00 h - TEATRO DE ROBERTOS
Campo do Souto / Isoira

20:00 h - TEATRO DE ROBERTOS
Centro Sociocultural A Capela do Araño

21:00 h - O CEGO DOS MONIANTES
Itinerante pola vila

21:30 h - PARALLELOS
Auditorio de Rianxo-Sala Arcos Moldes / 5€

29 Venres

12:00 h - BARRIGA VERDE ATACA DE NOVO
Campo Maneiro / Taragoña

13:00 h - PULCINELLA
Praza de Tarril

18:30 h - A CARTEIRA DE AUGAS CLARAS
Praza da Torre / Taragoña

22:30 h - AS VARIETES DO BARRIGA VERDE
Auditorio de Rianxo-Sala Arcos Moldes / 5€

30 Sábado

13:00 h - VIDA, CRIMES E PRISIÓN DE TORIBIO DE MAÑÓN
Praza de Tarril

18:30 h - TRAVESÍAS. AVENTURAS DE LIBRO
Praza de Tarril

19:30 h - O QUE NON SE NOMEA NON EXISTE.
AS MULLERES NA ARTE DOS TÍTERES
VIDEOPRESENTACIÓN / Praza do Rianxo

21:00 h - LOA E PULCINELLA
Praza do Rianxo

31 Domingo

13:00 h - NOVOS LODOS
Praza da Torre

18:30 h - PROCURARSE PEPA A LOBA
Praza de Tarril

21:00 h - BARRIGA VERDE ATACA DE NOVO
Centro Cultural Vicente Vidal / Leiro



PROGRAMA DE EDUCACIÓN ADULTOS GRADUADO DE SE INSCRIPCIÓN: 10€ DATAS: do 20 de xuño ao 31 de agosto: 10€ do 1 de setembro ao 31 de outubro: 15€ REQUISITOS: Ter unha idade igual ou superior a 18 anos. Ter a documentación necesaria para a matrícula.

CAM TECNOLÓXICO

PROGRAMA DE EDUCACIÓN ADULTOS GRADUADO DE SE INSCRIPCIÓN: 10€ DATAS: do 20 de xuño ao 31 de agosto: 10€ do 1 de setembro ao 31 de outubro: 15€ REQUISITOS: Ter unha idade igual ou superior a 18 anos. Ter a documentación necesaria para a matrícula.

morreu o demo

Deputación DA CORUÑA

Rianxo

XUNTA DE GALIZIA

Xacobeo 21-22

Un dos vinilos co programa do festival.

Valoración

O festival desenvolveuse cun importante éxito de público e de organización, a ampliar o número de xornadas de actividade, de catro a sete, e cun importante incremento tanto no número de compañías participantes como de funcións a respecto de anteriores edicións. Do mesmo xeito, verificouse un destacado crecemento nas cifras de público e mais no impacto mediático que acadou o programa, co que, en xeral, avaliamos como un rotundo éxito esta edición.

Tal e como se prevía, o evento contou co apoio económico da Área de Cultura da Deputación da Coruña e do Concello de Rianxo. Ademais, desenvolvéronse colaboracións en diferentes actividades co Grupo de Teatro Airiños, a Escola de Música de Rianxo, a asociación Vai de Roda, a Aula ocupacional, o blog Fotos de Rianxo, a Asociación Rianxeira de Empresarios e mais a Asociación Somos Rianxo.

As actuacións desenvolvéronse en todos os casos nas datas, horas e localizacións previstas, sen que se dese a necesidade de ter que realizar aprazamentos ou traslados por mor do mal tempo.

Interese estratéxico para o sector

O programa cumpriu axeitadamente co seu papel de apoio ao sector escénico e titiriteiro do país. A ampliación do número de días e de funcións facilitou a participación dun maior número de compañías, a totalizar 23 propostas galegas, incluídas as actuacións musicais de Borja Insua, a Escola de Música de Rianxo e a agrupación Vai de Roda. Como liña específica desta xeira, a organización quixo facer unha aposta particular por visibilizar o traballo de creadoras que traballan en solitario a combinar o traballo nos títeres coa narración oral e o traballo actoral, como amosan as actuacións de A cova das letras, Raquel Queizás, A Xanela do Maxín ou Carmen Domech.

Ademais, o impacto destacado que a nivel mediático conseguiu esta edición, en particular en medios especializados de fóra do país, supón un importante apoio á promoción exterior das compañías que participaron.

Formación para o sector

O curso impartido por Irene Vecchia, que conseguiu cubrir todas as prazas, obtivo unha importante aceptación no sector titiriteiros e escénico do país, a contribuír á recuperación de técnicas tradicionais e despertar o interese por este tipo de propostas da man dunha referente mundial nesta arte.

A formación completouse coa conferencia de Elvia Mante, que puxo de relevo a situación das mulleres no ámbito titiriteiro, nunha liña que se desenvolverá en vindeiras edicións do festival.

Finalmente, a habitual mesa redonda do sector consolidouse como un espazo de reflexión destacado e con poucos paralelos a nivel galego. O repaso da historia dunha arte que, en grande medida, continúa coa súa experiencia restrinxida ao rexistro oral, e o seu rexistro, supón a xeración dun documento de grande importancia para a consciencia e o coñecemento sobre os títeres galegos.

Impacto local

O festival ampliou o seu impacto na localidade de Rianxo en todos os aspectos.

- No ámbito económico, a presenza dun maior número de compañías e artistas durante máis días redundou nun maior impacto sobre a hostelería local. Ademais, o vencello do festival cos colectivos comerciais Somos Rianxo e a Asociación de Empresarios de Rianxo contribuíron a dinamizar o comercio local e achegáronlle promoción vencellando o seu labor a unha actividade cultural como é o festival.
- O traballo a prol da recuperación da memoria local deixouse sentir coa conferencia de José Luís Orjais sobre Toribio de Mañón e a actuación de Viravolta, que permitiu á asistencia coñecer desde outra perspectiva un personaxe popular na vila. A espectacular afluencia a estas actividades amosaron o interese local por esta temática.
- A integración do evento en diferentes espazos do concello, tanto monumentais como rurais, facilitou o coñecemento dos mesmos por parte de locais e visitantes, animou ao turismo interior, valorizándoos mediante a programación de actividades culturais.
- O traballo co Grupo de Teatro Airiños, a Escola de Música, Vai de Roda forneceron espazos de promoción para o talento local, tanto a nivel profesional, coa contratación de actuacións ou a achegar oportunidades de amosar o seu traballo.
- As actividades formativas, especialmente orientadas aos Campamentos de Verán de Rianxo ea Aula Ocupacional, ou os concursos desenvolvidos coas xa mencionadas asociacións de comerciantes, facilitaron unha formación básica sobre o mundo dos títeres e achegaron espazos para desenvolver a creatividade arredor dos mesmos.

Repercusión na creación e fomento de públicos

A atención á accesibilidade nas actividades do festival, a achegar as funcións ás prazas, feiras, praias, espazos públicos parroquiais e outros lugares de acceso aberto facilitaron a asistencia de públicos. A desaparición da barreira que supón o ingreso a un espazo cultural posibilitou que públicos de todas as idades e condicións, a miúdo retraídos á hora de asistir a espectáculos, participasen das actividades do festival. A gratuidade da maior parte das actividades foi tamén un importante factor que favoreceu a participación xeral, e sen dúbida conseguiu chegar a públicos refractarios a moitas manifestacións culturais.

Actividades de formación de públicos como foron os encontros postfunción conseguiron un destacado eco nesta xeira, e detectamos un incremento do interese do público por coñecer o traballo das compañías presentes a respecto a anteriores edicións. Máis preguntas e unha práctica totalidade do público de cada función a participar destas iniciativas amosan que esta liña de traballo está a conseguir calar no público que acode ao evento e que amosa unha apreciación crecente polo teatro de títeres.

Canda a isto, o traballo de Toni Rumbau como espectador cómplice, a dinamizar estes encontros e a achegar a perspectiva dun crítico especializados, axudou a achegar novas perspectivas sobre o valor artístico das pezas, un labor que se viu potenciado polas crónicas que este especialista realizou sobre o festival.

De xeito secundario, cómpre destacar o peso de actividades como os obradoiros de títeres, a exposición nos escaparates e o certame de creación de bonecos á hora de achegar o mundo do monicreque a novos públicos.

Sustentabilidade

O festival considera plenamente conseguidos os seus obxectivos no campo da sustentabilidade. Consequiron aplicarse a práctica totalidade as medidas propostas neste campo. No campo do xénero en particular, conseguimos de novo unha maioría feminina nos equipos artísticos, cun total de 25 mulleres fronte a 21 homes. Do mesmo xeito, na coordinación do festival, houbo tamén unha destacada maioría feminina.

Todas as localizacións seleccionadas contaron con espazos con sombra, auga dispoñible e servizos para o público. Non se requiriu o uso específico de espazos para diversidade funcionais nas funcións nin houbo necesidade dos puntos de atención á diversidade nin lila. Tampouco houbo demanda para o uso de aparcadoiros de bicicletas. A sinalización dos servizos e medidas dispoñibles foi axeitada e facilitou ademais a localización de contedores de lixo.

A maiores do previsto habilitouse en boa parte das funcións unha área acondicionada con moqueta para que o público máis novo puidese asistir ás mesmas sen necesidade de permanecer sentado ao longo de todo o espectáculo, que foi recibido con grande éxito pola concurrencia.

Como punto negativo, non foi posible desenvolver a pretendida colaboración co colectivo Fousas ao monte, que pretendemos reformular e tentar de novo en vindeiras edicións. De cara ao vindeiro ano, queremos completar estas propostas a achegar, no posible, información con pictogramas e a desenvolver medidas de accesibilidade para persoas con problemas de visión. Do mesmo xeito, pretendemos achegar máis opcións de mobilidade sustentable para todo o público, de xeito que se facilite a participación no festival ao tempo que se promoven este tipo de sistemas de transporte.



Mostra dos carteis coa información sobre sustentabilidade e atención á diversidade empregados no festival.

Fotografías do festival

<https://drive.google.com/drive/folders/1F5jCcAQDU0W7U0HHuuKucZ9CNCRIXHqy?usp=sharing>

Imaxes do deseño gráfico do festival

<https://drive.google.com/drive/folders/1Fk-NLmM2HOp4NiH1uuX6ymvOTRRCaFgk?usp=sharing>

- titiriberia.com
 - www.facebook.com/titiriberia
- Morreu o demo
- barrigaverde.eu
 - facebook.com/proxectoBarrigaVerde
 - twitter.com/morreuodemo
 - youtube.com/c/BarrigaverdeEu

Concello de Rianxo

- rianxo.gal
- facebook.com/concelloderianxo
- twitter.com/concellorianxo